



## **MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DE BNG E ACB PARA PEDIR A DERROGACIÓN DA 1ª REVISIÓN DO PLANO FORESTAL DE GALIZA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 23 de febreiro co único voto favorable do Partido Popular o Parlamento Galego aprobou a primeira revisión do plano forestal de Galiza. O documento foi rexeitado polos grupos da oposición no Parlamento Galego, que criticaron que se tramitase mediante unha modificación de lei para evitar os trámites de exposición pública, proceso participativo e avaliación ambiental estratéxica. A iniciativa tamén foi amplamente contestada por entidades que traballan, xestionan e viven no medio rural. Precisamente o pasado domingo 21 de marzo na nosa vila diante da praza do Concello integrantes e representantes de colectivos como as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Bueu, Beluso e Cela, representantes de colectivos ecoloxistas locais e veciños e veciñas da nosa vila manifestaron a súa disconformidade coa proposta impulsada polo PP, extendéndose estas mobilizacións por todas as vilas do Morrazo, e repetíndose nun total de vinte e cinco vilas e cidades galegas. Nas mesmas as persoas participantes berraron ao unísono para que o monte galego teña futuro, algo que consideran que non se da coa normativa tan lesiva que ven aprobando a dereita nos últimos anos.

Ademais diferentes colectivos ambientalistas do país entre os que se atopan as asociacións bueesas Anduxía e a Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro, xunto a sindicatos e asociacións de propietarios de montes veciñais nas que están integradas as comunidades da nosa vila asinaron un manifesto que busca o apoio público ás súas reivindicacións, citando as seguintes eivas no proxecto aprobado polo Parlamento no seguinte decálogo:

1. Fai unha diagnose ficticia da situación do monte galego a partir dun inventario forestal irreal e desfasado (datos de 2009), que descoñece a superficie de partida do E. globulus e do E. nitens. A 1ª revisión do Plan Forestal debería partir da actualización do Inventario Galego Forestal.
2. Carece de consenso social. Na súa tramitación non se viron representados todos os axentes sociais vinculados ao monte e ao medio rural.

3. Responde unicamente a intereses produtivistas e de carácter privado poñendo a ordenación dos usos do monte en mans das empresas madeireiras e forestais, e deixando de lado o interese público e xeral e a necesidade de manter unha reserva ecolóxica de hábitats naturais polo seu valor ecosistémico.
4. Fomenta o monocultivo e o aumento de especies pirófitas e invasoras ata acadar 1,4 millóns de Ha de piñeiros e eucaliptos en 2040, e o aumento de 3 millóns de m<sup>3</sup> de cortas anuais de madeira de baixo valor engadido ata acadar os 12 millóns de m<sup>3</sup> de cortas/ano.
5. Propón aumentar aínda máis a superficie ocupada por eucalipto *E. nitens*, pese a ter rebasado xa en máis do dobre as previsións para 2030, e en detrimento das masas forestais autóctonas que apenas sufrirán incremento nos vindeiros 20 anos.
6. Promove a forestación de terras agrarias, ao deixar en mans de empresas madeireiras e forestais máis de 150.000 Ha destes terreos.
7. Favorece a vulnerabilidade do monte galego fronte ao cambio climático e desvía investimentos destinados a fins de conservación e servizos ambientais para fins produtivistas.
8. Potencia a proliferación e intensificación dos lumes forestais e a privatización da loita contra os incendios. Non formula solucións para as causas estruturais dos incendios e segue primando o investimento na extinción fronte a prevención.
9. Agrava a situación de abandono e desertización do rural galego, impedindo o desenvolvemento dun monte multifuncional que xere riqueza e recursos diversos para as persoas que viven e traballan no rural. Desbota unha vez máis a oportunidade de apostar por un modelo de montes sustentábel, pola madeira de calidade e polo peche dos ciclos produtivos dos distintos aproveitamentos do monte.
10. Alenta a desaparición dos montes veciñais en man común, favorecendo a súa privatización e a eliminación do carácter xermánico da titularidade veciñal. Propón a revisión da condición de veciño/a comuneiro/a, de dotar as mancomunidades de montes de personalidade xurídica, e que as comunidades de montes tributen no imposto sobre sociedades, como se fosen empresas mercantís.

Por todo o exposto desde os grupos de Bng e Acb propoñemos ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1º- Instar ao Parlamento Galego á derogación da 1ª Revisión do Plano Forestal de Galiza aprobado recentemente para elaborar unha proposta na que participen os axentes sociais vinculados ao monte e ao medio rural que busque fixar poboación fomentando o cultivo de especies con alto valor engadido como poden ser os castiñeiros.

2º- Apoiar ás Comunidades de Montes e colectivos ambientalistas da nosa vila nas accións que desenvolvan para loitar pola derogación do citado Plano Forestal.

3º- Promover desde o Concello de Bueu a información a cidadanía sobre os efectos lesivos deste plano mediante charlas e/ou outras actividades análogas que se poidan levar a cabo ante as restricións pola pandemia do Covid- 19.

En Bueu a 23 de marzo de 2021.

VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

XOSÉ LEAL FARIÑA

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE ACB

JULIO VILLANUEVA GONZÁLEZ